



INFORMACIÓN RELATIVA AOS PADRÓN FISCAIS DO IAE E DO IBI, EXERCICIO 2024

Nas datas e mediante as resolucións da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña, que de seguido se indican, foron aprobados os seguintes padróns fiscais:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 27.001, de 26 de xuño de 2024).
- Imposto sobre bens inmoables urbanos (resolucións núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).
- Imposto sobre bens inmoables rústicos (resolución núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).
- Imposto sobre bens inmoables de características especiais (resolución núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).

Período e lugar de exposición

Os devanditos padróns fiscais quedarán expostos ao público na Deputación Provincial, onde poderán ser examinados polos interesados, **dende o día 2 de setembro ata o 15 de outubro de 2024**, ambos incluídos.

O anuncio de exposición pública dos padróns fiscais será publicado oportunamente pola Deputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia e nos diarios de maior difusión da provincia.

En Santa Comba,

O Alcalde,
Alberto Romar Landeira